

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2022.

Expediente GD: 951/2022

Lugar: Salón de Sesións do Concello de Ames.

Día: 10.02.2022

Hora de comezo: 20:30 h

Hora de finalización: 21:05 h

PERSOAS PRESENTES

Presidente	José Blas García Piñeiro
Grupo municipal Socialista	José Blas García Piñeiro
	Luísa Feijóo Montero
	Susana Señorís Rodríguez
	Manuel Lens Cernadas
	Beatriz Martínez Domínguez
	Víctor Manuel Fernández Prieto
	Ana Belén Paz García
Grupo municipal Popular	Santiago Márquez Noya
	María Oliva Agra Costoya
	María Dolores Fernández Álvarez
	María Belén Castro Montenegro
	Francisco Javier Olmo Olmo
Grupo municipal BNG	Emilio Martínez Carballeira
	Pablo Beiroa Pampín
	David Santomil Mosquera
Grupo municipal Contigo Podemos	Natividad González Rodríguez
	Escarlata Pampín López
Grupo municipal Contigo Podemos	Genma Otero Uhía
	Vanessa Vidal Freire
Grupo municipal Mixto	Enrique Costas Bastero
	José Ramón Oulego Erroz

Asiste a **interventora**, Margarita Fernández Sobrino. Actúa como **secretaria** Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames.

ORDE DO DÍA

Punto Primeiro. Aprobación da participación no Plan POS+2022. Plan Único.

Punto Segundo. Aprobación da participación no Plan Pos adicional 1/2022 gasto social.

PUNTO PRIMEIRO. APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN POS+2022. PLAN ÚNICO.

Expediente GD: 13269/2021

(.....)

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Pos+ 2022, publicadas no BOP n 228 do 30.11.2021.

Vistos as necesidades municipais, os proxectos técnicos achegados, e os correspondentes informes, o Pleno do Concello de Ames, por maioría absoluta do número legal de membros, co voto a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, das 2 concelleiras do grupo municipal Contigo Podemos, dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular, do concelleiro do grupo mixto José Ramón Oulego Erroz e a abstención do concelleiro do grupo mixto, Enrique Costas Bastero, adopta os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	----
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	----
Subtotal gasto corrente	----

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación da estrada de Castiñeiro do Lobo (Ames)	242.451,55 euros	0	0	0	242.451,55 euros
Pavimentación da rúa Agro do Medio e outros (O Milladoiro)	201.411,51 euros	0	0	0	201.411,51 euros

Subtotal investimentos achega provincial 2022	443.863,06 euros			0	443.863,06 euros
--	------------------	--	--	---	------------------

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastece m. auga potable)	Total Concello	
Rexeneración de espazos deportivos no campo de fútbol de Ortoño	268.155,30 euros				268.155,30 euros
Reparación da cuberta do pavillón de Bertamiráns	170.758,15 euros				170.758,15 euros
Pavimentación da rúa Rosaleda e outros	155.777,02 euros	3.994,19 euros		3.994,19 euros	159.771,21 euros
Subtotal investimentos achega provincial 2021	594.690,47 euros			3.994,19 euros	598.684,66 euros

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras indicadas que son os seguintes:

Denominación proxecto técnico	Autor proxecto técnico	Orzamento execución contrata
Pavimentación estrada Castiñeiro do Lobo (Ames)	Pablo Blanco Ferreiro	242.451,55 euros
Pavimentación rúa Agro do Medio e outros (Milladoiro)	Pablo Blanco Ferreiro	201.411,51 euros
Rexeneración espazos deportivos campo fútbol Ortoño	Miguel Fiúza Canosa	268.155.30 euros
Reparación cuberta pavillón Bertamiráns	Javier Ferreiro Núñez	170.758,15 euros
Pavimentación rúa Rosaleda e outros	Pablo Blanco Ferreiro	159.771,21 euros

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
ABANCA Corporación Bancaria SA	33.800,65 euros

Subtotal reducción de débeda con entidades financeiras	33.800,65 euros
--	-----------------

D) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem . auga potable)	Total concello	
A-GASTOS CORRENTES	Achega 2022	----	----	----	----	----
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	----	----	----	----	----
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	443.863,06 euros	----	----	----	443.863,06 euros
	Achega 2021	594.690,47 euros	----	----	3.994,19 euros	598.684,66 euros
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	33.800,65 euros	----	----	----	33.800,65 euros
	Achega 2022	443.863,06 euros	----	----	----	443.863,06 euros
	Achega 2021	594.690,47 euros	3.994,19 euros	----	3.994,19 euros	598.684,66 euros
	Préstamo 2022	33.800,65 euros	----	----	----	33.800,65 euros
	TOTAL	1.072.354,18 euros	3.994,19 euros	----	3.994,19 euros	1.076.348,37 euros

Segundo. Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable)
Ampliación da Casa de Cultura de Milladoiro	270.154,04 euros
Pavimentación da estrada de A Garea e interiores (Agrón)	250.773,87 euros
Pavimentación de viarios no núcleo de Framil (Biduído)	372.902,29 euros
Pavimentación de viario en Ventín (Biduído)	42.879,57 euros
Pavimentación de viario no núcleo de O Lombao (Covas)	146.503,99 euros
Pavimentación de viarios no núcleo de Gasamáns e O Galiñeiro (Agrón)	279.782,94 euros
Pavimentación da avenida Muíño Vello (O Milladoiro)	109.224,81 euros
TOTAIS	1.472.221,51 euros

Denominación proxecto técnico	Autor proxecto técnico	Orzamento execución contrata
Ampliación Casa Cultura Milladoiro	Fernandez Carballada y Asociados SLP	270.154,04 euros
Pavimentación estrada A Garea e interiores (Agrón)	Pablo Blanco Ferreiro	250.773,87 euros
Pavimentación viarios núcleo Framil (Biduído)	Pablo Blanco Ferreiro	372.902,29 euros
Pavimentación viario Ventín (Biduído)	Pablo Blanco Ferreiro	42.879,57 euros
Pavimentación viario núcleo O Lombao (Covas)	Pablo Blanco Ferreiro	146.503,99 euros
Pavimentación viarios núcleo Gasamáns e o Galiñeiro (Agrón)	Pablo Blanco Ferreiro	279.782,94 euros
Pavimentación avenida Muíño Vello (O Milladoiro)	Pablo Blanco Ferreiro	109.224,81 euros
Total		1.472,221,51 euros

Terceiro. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 .

Quinto. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

Sexto. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN POS ADICIONAL 1/2022 GASTO SOCIAL.

Expediente GD: 13269/2021

(.....)

Vistas as bases reguladoras do Plan Pos+adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Vistos as necesidades municipais nesta materia e os correspondentes informes, o pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro. Participar no Plan Pos +adicional 1/2022 para financiamento de gastos sociais extraordinarios co seguinte detalle:

Gastos sociais extraordinarios	Previsión gastos 2022	Estimación ingresos públicos ou privados	Estimación do gasto a financiar polo concello
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	106.812,00 euros	0,00 euros	106.812,00 euros
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	50.924,37 euros	0,00 euros	50.924,37 euros
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá</p>	0,00 euros	0,00 euros	0,00 euros

HASH DO CERTIFICADO:
DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDDB4CA
0FD2C3776C7B204298B5CEEED09905C386F2BBDE1

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2390EDB8F8F60D34096

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIJO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS



destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	0,00 euros	0,00 euros	0,00 euros
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.	0,00 euros	0,00 euros	0,00 euros
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 euros	0,00 euros	0,00 euros
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	0,00 euros	0,00 euros	0,00 euros
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	157.736,37 euros	0,00 euros	157.736,37 euros
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 euros	0,00 euros	0,00 euros
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos	0,00 euros	0,00 euros	0,00 euros



de investimento a efectos orzamentarios.			
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 euros	0,00 euros	0,00 euros
TOTAL	157.736,37 euros	0,00 euros	157.736,37 euros

Segundo. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Sen mais asuntos que tratar, o presidente deu por rematado o acto e levantou a sesión ás 21:05 horas do día 10 de febreiro de 2021, de todo o que eu, como secretaria, deixo constancia.

Visto e prace
O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

